


CiTIUS

Centro Singular de Investigación
en **Tecnoloxías Intelixentes**

Programa de formación 2021-2022

Xaneiro 2021



citius.usc.es

1 Introducción

Presentamos a continuación o Programa Formativo do CiTIUS para o bienio 2021-2022, co principal obxectivo de dotar ao persoal investigador en formación do centro dunha serie de competencias complementarias ao desenvolvemento da tese de doutoramento que, seguindo os [principios para unha formación doutoral innovadora promovidos pola UE](#), faciliten que este persoal adquira as habilidades idóneas para o desenvolvemento da súa carreira profesional presente e/ou futura.

Este plan non se entende como unha proposta pechada senón flexible. Ao longo da súa vixencia poderán ser programadas novas accións e/ou substituídas algunhas das que se expoñen por outras que se consideren máis axeitadas. Será responsabilidade da *Comisión de Formación e Desenvolvemento Profesional* do centro a validación das novas propostas de actividades e o seu seguimento.

Todo o persoal do CiTIUS disporá da posibilidade de propor novas accións formativas a través de dita Comisión, así como de realizar outras suxestións e recomendacións sobre o seu desenvolvemento. Para iso ponse a disposición do persoal do CiTIUS a caixa de correo citius.formacion@usc.es.

O CiTIUS emitirá un certificado anual das actividades cursadas, así como certificados puntuais daquelas actividades de maior duración.

A coordinación entre a Comisión de Formación e o Programa de Doutoramento garántese grazas á participación do coordinador do Programa de Doutoramento nesta comisión.

Fomentarse sempre que resulte posible o desenvolvemento en lingua inglesa das actividades relacionadas coas redes Marie-Sklodowska ETN lideradas, coordinándose coas mesmas.

Este Plan estrutúrase nos seguintes eixos:

- 1) **Investigación:** ferramentas e metodoloxías enfocadas a mellorar as competencias precisas para o desenvolvemento da carreira investigadora.
- 2) **Estatística para as Tecnoloxías Intelixentes:** formación en estatística relacionada coa actividade investigadora do CiTIUS.
- 3) **Carreira investigadora:** actividades relacionadas co desenvolvemento e continuación da carreira investigadora.
- 4) **Tecnoloxía:** ferramentas tecnolóxicas e metodolóxicas relacionadas coas tecnoloxías intelixentes.
- 5) **Espazo Maker:** actividades formativas asociadas ao novo Espazo Maker que se está pondo en marcha no CiTIUS.
- 6) **Transferencia de Tecnoloxía:** competencias relacionadas coa protección e valorización dos resultados de investigación.
- 7) **Comunicación:** presentación e divulgación da ciencia.
- 8) **Inspiring Careers:** personalidades de referencia en Tecnoloxías Intelixentes, charlas de emprendedores, etc.

- 9) **Temas de investigación:** charlas e talleres tanto en Tecnoloxías Intelixentes como noutros ámbitos do saber.
- 10) **Doutoral Meeting:** presentacións periódicas do traballo desenvolvido polo persoal investigador predoutoral do CiTIUS.

2 Avaliación do Plan

Descártase a avaliación das actividades mediante enquisas, xa que a experiencia de plans formativos previos do CiTIUS indicou que a carga de xestión que xera provoca o abandono deste seguimento.

A avaliación das actividades desenvolverase mediante reunións trimestrais entre o persoal da Comisión de Formación e o persoal investigador en formación do Centro, cuxas conclusións serán trasladadas á Comisión de Formación e desta á dirección do Centro.

3 Planificación de actividades

Preséntase a continuación unha planificación orientativa de actividades. Será responsabilidade da Comisión de Formación a priorización das mesmas:

Calendario previsto	2021												2022											
	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
1. Investigación																								
1.1. Iniciación á ciencia																								
1.2. Redacción de traballos científicos																								
1.3. Reproducibilidade dos resultados																								
1.4. Cienciometría e procuras																								
1.5. Open Access																								
1.6. Xestión de Datos & Open Data																								
1.7. Xestión e supervisión de proxectos																								
1.8. Ética na investigación																								
1.9. Igualdade de xénero																								
2. Estatística para as Tecnoloxías Intelixentes																								
2.1. Métodos estatísticos e validación de modelos																								
2.2. Deseño de experimentos																								
2.3. Aprendizaxe estatística sobre datos complexos																								
3. Carreira investigadora																								
3.1. Saúde mental durante a tese																								
3.2. Convocatorias e axudas postdoutorais																								
3.3. Xa teño a miña tese. E agora que? (mesa debate)																								
4. Tecnoloxía																								
4.1. Introducción a Linux																								
4.2. Blockchain																								
4.3. Cadence																								
4.4. FPGA																								

